



## CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA  
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

---

# BANDO

**MARÍA TERESA BARJE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO  
CONCELLO DE A BOLA (OURENSE).**

### **INFORMA:**

A Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia convoca o  
**Programa de Benestar en Balnearios.**

### **OBXECTO.**

Convocar 1.276 prazas para as estadias e o tratamento termal, que se levará a cabo nas quendas e establecementos termais seleccionados. En casa solicitude solo se poderán relacionar un máximo de 3 destinos por orde de prioridade.

### **PROGRAMA.**

O programa consiste en quendas de 10 días e nove noites, en réxime de pensión completa, entre os días 15 de xullo e 31 de decembro do 2025.

Inclúe os seguintes servizos:

- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido, ou en caso de existir dispoñibilidade, en cuartos individuais.
- Tratamentos termais que comprenderán recoñecemento médico ao ingreso no balnearios para a prescrición do tratamento, tratamento termal básico e seguimento médico durante a estadia.



## **CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)**

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA  
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

---

- Programa de actividades de animación sociocultural que se leva a cabo no establecemento hoteleiro ou termal.
- Póliza colectiva de seguro turístico.

### **PERSOAS BENEFICIARIAS**

As persoas beneficiarias deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ser maior de 60 anos, ou pensionistas maiores de 55 anos, xunto a un acompañante.
- Estar empadroado e residir nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e non padecer alteracións do comportamento ou enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicacións médicas para a recepción dos tratamentos termais.
- Acadar, de conformidade co baremo, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

Poderán ser acompañantes os cónxuxes ou fillos con discapacidade maior do 33%.

### **PREZO**

O prezo a pagar por cada persoa beneficiaria, por estadía na praza do establecemento balneario e quenda adxudicada é o seguinte:

- Balnearios con establecementos hoteleiros de 4 ou 3 estrelas categoría superior: 377,89€.
- Balnearios con establecementos hoteleiros de 3, 2 ou 1 estrela: 349,89€.
- Balnearios con outro tipo de aloxamentos: 269,17€.



**CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)**

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA  
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

---

A Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá ao financiamento do custo das estadias, cunha achega por praza, polos importes seguintes:

- Balnearios con establecementos hoteleiros de 4 ou 3 estrelas categoría superior: 262,08€.
- Balnearios con establecementos hoteleiros de 3, 2 ou 1 estrela: 258,31€.
- Balnearios con outro tipo de aloxamentos: 247,39€.

**PRAZO DE SOLICITUDE**

Do 17 de xuño ata o 16 de xullo de 2025

A Bola, 19 de xuño de 2025.

A Alcaldesa